

CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO INTERMUNICIPAL DELEGADO DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS NOS MUNICIPIOS DA COMARCA DE VALDEORRAS

(TEXTO CONSOLIDADO)

No Boletín Oficial da Provincia de Ourense n.º 129, do 6 de xuño de 2016, publicouse o texto consolidado da Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo intermunicipal delegado de depuración de augas residuais nos municipios da Comarca de Valdeorras, tras a súa modificación por acordo da Asemblea do Consorcio de Augas de Valdeorras, do 29 de marzo de 2016.

Na publicación do dito texto consolidado advertíronse diversos erros consistentes na omisión das modificacións que se introduciron na ordenanza orixinal nunha anterior modificación levada a cabo mediante acordo da Asemblea do Consorcio do 6 de novembro de 2014, e que foi obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense n.º 293, do 23 de decembro de 2014.

Polo exposto, procédese á publicación da correspondente corrección de erros, sendo o texto consolidado da Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo intermunicipal delegado de depuración de augas residuais nos municipios da Comarca de Valdeorras o seguinte:

Artigo 1. Obxecto, fundamento e ámbito territorial de aplicación

1. Constitúe o obxecto da presente ordenanza fiscal a ordenación e imposición da taxa pola prestación do servizo intermunicipal delegado de depuración de augas residuais nos municipios da Rúa, A Veiga, Carballeda de Valdeorras, Larouco, O Barco de Valdeorras, O Bolo, Petín, Rubiá e Vilamartín de Valdeorras

2. A aprobación desta ordenanza fiscal por parte do Consorcio de Augas de Valdeorras realízase en exercicio da competencia delegada polos concellos de referencia a través dos Estatutos do Consorcio de Augas de Valdeorras (publicados no Diario Oficial de Galicia n.º 203, do 24 de outubro de 2012), en virtude das potestades normativa e tributaria atribuídas ao consorcio polos artigos 6.2.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia,

CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS

en relación cos artigos 4.7 e 14.1.e) dos estatutos, e ao abeiro do establecido nos artigos 20.4.r) do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se probou o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 67.3, inciso final, da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

3. O ámbito territorial de aplicación desta ordenanza está integrado polos termos municipais dos concellos de referencia, aos que se fará referencia como municipios da comarca de Valdeorras.

Artigo 2. Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible da taxa do servizo intermunicipal delegado de depuración de augas residuais nos municipios da comarca de Valdeorras a prestación, nos termos municipais respectivos, do servizo referenciado a vivendas e establecementos ou locais destinados a calquera tipo de actividade susceptible de produción de augas residuais, incluídas as que carezan de contido económico. O servizo gravado consistirá na depuración das augas residuais evacuadas dende os inmobles a través das redes municipais de sumidoiros e ata as infraestruturas de depuración xestionadas polo consorcio, incluíndo tanto as estacións depuradoras de augas residuais como as fosas sépticas.

Para os efectos da presente ordenanza, considerarase que o servizo se está prestando a cada inmovible, e polo tanto se produce a realización do feito imponible, nos seguintes casos:

a) Se o servizo de depuración de augas residuais se presta a través dunha estación depuradora de augas residuais, cando o inmovible se atope conectado á dita infraestrutura e esta se atope en estado regular de funcionamento.

b) Se o servizo de depuración de augas residuais se presta a través de foxa séptica, cando o inmovible se atope conectado á dita infraestrutura e esta sexa obxecto de baleirado e recollida de lodos cunha periodicidade mínima bienal.

2. A prestación do servizo a cada vivenda, local ou establecemento constitúe un feito imponible diferenciado, dando lugar á devindicación da correspondente taxa, incluso nos supostos en que varias vivendas, locais ou establecementos pertencen a un mesmo suxeito pasivo.

CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS

3. A taxa esixirase polo servizo de depuración das augas residuais, tanto polo uso ou consumo da auga facilitada por entidades subministradoras como polo uso ou consumo de auga en réxime de concesión para abastecemento ou procedente de captacións propias, superficiais ou subterráneas, incluídos os consumos o usos de augas pluviais que efectúen directamente los usuarios.

Artigo 3. Suxeitos pasivos

1. Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais aos que se preste o servizo, ben sexa a título de propietario ou en virtude de calquera título xurídico que outorgue o dereito ao uso do inmovible, como o usufruto, uso, habitación, arrendamento, precario ou calquera outro.

2. En todo caso, terá a consideración de substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, se é o caso, as cotas satisfeitas sobre o ocupante ou usuarios.

Sen prexuízo do anterior, a Administración tributaria, ao xestionar a taxa, poderá realizar a facturación ao ocupante do inmovible, sempre e cando se cumpran os requisitos establecidos no artigo 6.

3. Decláranse exenta da taxa a prestación do servizo de depuración de augas residuais ás seguintes persoas:

a) Unidades de convivencia independente que acrediten estar en situación de exclusión social de acordo coa lexislación en materia de servizos sociais e inclusión social de Galicia.

b) Entidades de iniciativa social, tanto públicas como privadas, sen ánimo de lucro, pola depuración das augas evacuadas dende centros nos que se presten servizos directos a persoas en risco ou en situación de exclusión social, de acordo coa lexislación en materia de servizos sociais e inclusión social de Galicia.

As exencións establecidas neste apartado terán carácter rogado e efectos dende a data da súa solicitude. O procedemento para a súa concesión será o regulado no artigo 6 da presente ordenanza.

CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS

4. Responderán solidaria ou subsidiariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que a Lei xeral tributaria ou a Lei reguladora das facendas locais atribúe tal responsabilidade.

Artigo 4. Período impositivo e devindicación

O período impositivo coincidirá co trimestre natural. A cota tributaria trimestral devindicarase integramente o primeiro día do trimestre natural ou na data de alta no servizo, cando esta sexa diferente.

Non obstante o anterior, nos supostos en que a tarifa variable da cota se determine mediante o método de estimación obxectiva, conforme se detalla no artigo seguinte, a dita tarifa será obxecto de rateo polos días naturais en que o servizo foi efectivamente prestado nos supostos en que se produza a alta ou baixa do servizo nunha data diferente á do primeiro día do trimestre natural.

Artigo 5. Cota tributaria

1. A cota tributaria xeral regulada no presente artigo será de aplicación aos usuarios que se atopen nos seguintes supostos:

Usuarios do servizo prestado a través de estacións depuradoras de augas residuais.

A cota tributaria xeral determinarase pola adición de dúas tarifas:

a) Unha tarifa de carácter fixo, en función do tipo de usuario, directamente establecida na presente ordenanza.

b) Unha tarifa de carácter variable, en función do volume real de auga consumida, do tipo de usuario e do número de persoas residentes (isto último só no caso de usuarios domésticos).

2. Para os efectos da determinación das tarifas fixa e variable integrantes da cota tributaria distinguíranse os seguintes tipos de usuario:

a) Usuarios domésticos: os que realicen vertido de augas procedentes de vivendas, así como os usuarios non domésticos que realicen unha vertedura inferior a 2.000 m³ anuais e non lles corresponda tributar na modalidade por carga contaminante.

CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS

b) Usuarios non domésticos: os que realicen vertido de augas residuais cun volume superior a 2000 m³ procedentes de inmobles que non teñan a consideración de vivendas e non reúnan as condicións para ser considerados usuarios en modalidade de carga contaminante.

c) Usuarios con carga contaminante: os que sexan clasificados como tales polo consorcio de oficio o a instancia de parte, en aplicación dos criterios establecidos no artigo 56 apartados 1.b) e 2 da Lei de augas de Galicia e no artigo 33 do Decreto 136/2012, do 31 de maio, polo que se aprobou o Regulamento do canon de auga e coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais. Esta clasificación só será realizada de oficio no suposto en que a cota tributaria resultante sexa maior que a que lles correspondería pola aplicación da cota de usuarios non domésticos.

3. A cota tributaria dos usuarios domésticos determinarase aplicando as seguintes regras:

a) A tarifa fixa será de 4,5 € /trimestre. Non obstante, no suposto de usuarios que non superen o consumo de auga establecido como primeiro tramo, a tarifa fixa será de 1,5 € / trimestre. Para estes efectos, considerarase como primeiro tramo o determinado por aplicación das regras establecidas no artigo 53.1 da Lei de augas de Galicia.

b) Para a determinación da tarifa variable de aplicación, a Administración tributaria establecerá catro tramos de consumo, en función do número de habitantes de cada vivenda e do volume de auga consumido expresado en metros cúbicos, aplicando a fórmula establecida no artigo 53.1 da Lei de augas de Galicia para a determinación dos tramos de consumo para a aplicación do tipo de gravame do canon da auga.

As tarifas aplicables ao tramos así obtidos serán as seguintes:

- Consumo realizado dentro do primeiro tramo: 0,00 €/m³.
- Consumo realizado dentro do segundo tramo: 0,28 €/m³.
- Consumo realizado dentro do terceiro tramo: 0,36 €/m³.
- Consumo realizado dentro del cuarto tramo: 0,41 €/m³.

Para os efectos de determinación dos tramos de consumo, e salvo proba en contrario, presumirase que unha vivenda está habitada por tres persoas. De oficio ou a instancia de

CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS

parte, a Administración tributaria poderá establecer o número de persoas aplicable, mediante calquera medio de proba admisible en dereito que acredite fidedignamente o número real de habitantes. A modificación do padrón de contribuíntes resultante terá efectos no trimestre seguinte ao da súa acreditación polo interesado ou ao da súa constatación pola Administración tributaria.

Aplicarase unha bonificación do 50 % da cota tributaria no suposto de vivendas habitadas por familias numerosas que acrediten tal condición, sempre que a vivenda teña o carácter de primeira vivenda. A bonificación terá carácter rogado, aplicándose con efectos da data de presentación da solicitude completa, conforme ao sinalado no artigo 6.

4. A cota tributaria dos usuarios non domésticos asimilados a domésticos determinarase aplicando as seguintes regras:

a) A tarifa fixa será de 4,5 € /trimestre. Non obstante, no suposto de usuarios que non superen o consumo de auga establecido como primeiro tramo, a tarifa fixa será de 1,5 € /trimestre.

b) A tarifa variable determinarase aplicando as mesmas regras establecidas para os usuarios domésticos no apartado anterior, coas seguintes particularidades:

Para a determinación dos tramos de consumo, consideraranse os establecidos para unha vivenda de tres persoas.

Ao primeiro tramo de consumo aplicaráselle a mesma tarifa variable (0,28 €/m³) que ao segundo tramo.

5. A cota tributaria dos usuarios non domésticos determinarase aplicando as seguintes regras:

a) A tarifa fixa será de 7,5 €/trimestre.

b) A tarifa variable será a resultante de aplicar a cantidade de 0,4210 € a cada metro cúbico consumido.

6. A cota tributaria dos usuarios en modalidade de carga contaminante determinarase mediante a aplicación das seguintes regras:

a) A tarifa fixa será de 7,5 €/trimestre.

CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS

b) A tarifa variable será determinada por aplicación ao volume consumido dos tipos de gravame establecidos no artigo 56 da Lei de augas de Galicia e a súas disposicións de desenvolvemento para a determinación do tipo de gravame do canon da auga na modalidade de carga contaminante.

7. Para a determinación do volume de auga aplicaranse as regras establecidas na Lei de augas de Galicia e no Regulamento do canon da auga e o coeficiente de vertido para a determinación da base imponible do coeficiente de vertido, empregándose os métodos de estimación directa, obxectiva e indirecta nos mesmos supostos e cos mesmos requisitos establecidos na dita normativa.

Artigo 5 bis. Cota tributaria especial para usuarios do servizo de depuración mediante fosas sépticas.

A cota tributaria especial para usuarios domésticos do servizo de depuración mediante fosas sépticas consistirá na aplicación dunha tarifa fixa de 6,00 euros por trimestre anual.

Para usuarios non domésticos, a tarifa fixa establecerase en función do número de habitantes – equivalentes que supoña a súa actividade, de acordo coa súa capacidade media de produción de vertido en relación coa dun usuario doméstico. Para estes efectos, establécese que un usuario doméstico equivale a 1,5 habitantes.

Artigo 6. Normas de xestión, liquidación, inspección e recadación

1. Para os efectos da aplicación da presente ordenanza, considerarase Administración tributaria á que en cada caso exerza a competencia de xestión tributaria e recadación. A Deputación Provincial de Ourense será a Administración tributaria nos casos en que teña delegado o exercicio da competencia por parte do consorcio.

2. A taxa xestionarase de oficio a Administración tributaria, a partir dun padrón que se formará trimestralmente, aprobándose mediante resolución do órgano competente. O padrón recollerá os seguintes datos, para cada feito imponible do que a administración teña constancia:

a) Nome ou razón social e número de identificación fiscal do suxeito pasivo. Farase constar a identificación do titular do inmovible como contribuínte, agás no caso de que a Administración tributaria teña constancia de que o contribuínte é unha persoa diferente, en

CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS

cuxo caso no padrón figurarán o ocupante ou usuario como contribuínte e o titular do inmovible como substituto do contribuínte.

b) Identificación do inmovible ao que se presta o servizo.

c) Data de devindicación da taxa e período impositivo.

d) Cota tributaria líquida, determinada polas tarifas aplicables conforme ao artigo 5 da presente ordenanza.

e) Prazos para o pagamento voluntario da taxa, que en ningún caso será inferior a dous meses.

3. O padrón será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos dos concellos da comarca de Valdeorras, expóndose ao público durante un prazo de quince días hábiles.

4. As liquidacións tributarias contidas no padrón serán modificadas mediante resolución individualizada da Administración tributaria nos seguintes casos:

a) Nos supostos de baixa do servizo de inmovibles cuxo volume de vertido se determine polo método obxectivo, cando esta baixa se produza en data diferente ao primeiro día do trimestre natural, a liquidación individualizada determinará a tarifa variable aplicable no período inmediatamente anterior á baixa, mediante o rateo aos días naturais de servizo efectivamente prestado da tarifa trimestral aplicable.

b) Nos supostos en que se recoñezan as exencións previstas no artigo 3.3 da presente ordenanza, a liquidación determinará a anulación das cantidades liquidadas dende a data da solicitude completa e, se é o caso, a devolución dos ingresos que procedan.

c) No suposto en que se conceda a bonificación na cota tributaria a familias numerosas, a liquidación rectificará, con efectos da data da solicitude completa, as cantidades liquidadas no padrón, determinando a devolución dos ingresos que procedan.

4. A facturación da taxa realizarase unha vez concluído o prazo de exposición pública de cada padrón, mediante a emisión dos correspondentes recibos, que serán comunicados aos interesados para os efectos puramente informativos. A comunicación dos recibos non terá o carácter de notificación da liquidación tributaria, que se entenderá realizada mediante a

CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS

publicación do padrón correspondente ou mediante a notificación dos actos de modificación puntual do dito padrón.

Nos supostos en que o suxeito pasivo contribuínte da taxa non sexa o titular do inmovible ao que se presta servizo, a facturación realizarase directamente aos ocupantes ou usuarios, sen que teña lugar a substitución do contribuínte, sempre que se solicite conxuntamente polo propietario e o ocupante ou usuario, achegando o título xurídico que lexítima o uso ou ocupación. A solicitude terá efectos na facturación do padrón correspondente ao trimestre no que se solicite.

En ausencia deste requisito, ou cando deixe de producirse, a facturación realizarase ao propietario, na súa condición de substituto do contribuínte. En particular, nos supostos de non pagamento en período voluntario polo contribuínte, a Administración tributaria poderá proceder á modificación do padrón correspondente, excluindo ao contribuínte do padrón, no que só figurará o substituto do contribuínte con efectos da data da modificación.

5. A facturación da taxa poderá realizarse conxuntamente coa das taxas por abastecemento de auga e/ou polo servizo de sumidoiros, cando a Administración tributaria sexa competente para a súa xestión.

6. Para todos os efectos, entenderase como domicilio de cobro de cada recibo o domicilio fiscal do contribuínte ou do seu substituto, conforme coa lexislación tributaria vixente.

7. A acreditación do número de habitantes por vivenda realizarase conforme ao procedemento establecido no artigo 22 do Regulamento do canon da auga e coeficiente de vertido, sendo competente a Administración tributaria para o establecemento do modelo normalizado de solicitude e para a súa recepción, tramitación e resolución.

8. A concesión da bonificación na cota tributaria das familias numerosas rexerese polo procedemento establecido no artigo 24 do Regulamento do canon da auga e coeficiente de vertido, sendo competente a Administración tributaria para o establecemento do modelo normalizado de solicitude e para a súa recepción tramitación e resolución.

9. A concesión das exencións por estar en situación de exclusión social rexerese polo establecido nos artigos 25 e 26 do Regulamento do canon da auga e coeficiente de vertido,

CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS

sendo competente a Administración tributaria para o establecemento do modelo normalizado de solicitude e para a súa recepción, tramitación e resolución.

10. A concesión das exencións a entidades de iniciativa social rexerá polo establecido no artigo 39 do Regulamento do canon da auga e coeficiente de vertido, sendo competente a Administración tributaria para o establecemento do modelo normalizado de solicitude e para a súa recepción, tramitación e resolución.

11. Contra os actos de xestión, inspección, liquidación e recadación tributaria procederán os recursos establecidos para as taxas locais na lexislación de facendas locais.

Artigo 7. Réxime sancionador.

Infraccións e sancións En materia de infraccións e sancións relacionadas coa taxa regulada na presente Ordenanza fiscal, ateráanse ao disposto na Lei xeral tributaria e demais normativa aplicable para o efecto.

Artigo 8. Normas de aplicación supletoria

A taxa polo servizo intermunicipal de depuración de augas residuais dos municipios da comarca de Valdeorras rexerá, no non establecido especificamente na presente ordenanza, polas normas propias do coeficiente de vertido regulado na Lei de augas de Galicia e no Regulamento do canon da auga e coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais, aprobado polo Decreto 136/2012, do 31 de maio, ou polas normas que no futuro os substitúan.

Artigo 9. Taxa por tratamento de lodos procedentes de sumidoiros ou fosas sépticas que non formen parte da rede xestionada polo consorcio

Estabécese unha taxa especial para o servizo voluntario de tratamento de lodos procedentes de sumidoiros ou fosas sépticas que non formen parte de rede xestionada polo consorcio. O feito impositivo da taxa consistirá na prestación do devandito servizo.

Serán suxeitos pasivos desta taxa os que soliciten a prestación do servizo, devindicándose a taxa coa súa solicitude.

A taxa polo servizo de tratamento de lodos de sumidoiros e fosas sépticas que non formen parte da rede do consorcio esixirase en réxime de liquidación. A tal efecto, unha vez recibida a solicitude do interesado, formularán unha liquidación provisional os servizos do

CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS

Consortio, sobre a base dunha estimación do volume de metros cúbicos que é preciso tratar e da existencia ou non de areas nos ditos lodos. A liquidación provisional será comunicada ao interesado, que deberá proceder ao depósito do seu importe a favor do consorcio. Unha vez realizada a prestación do servizo, procederase á liquidación definitiva, que será notificada ao interesado, facéndose efectiva automaticamente contra o depósito realizado, sen prexuízo da devolución do exceso ou do requirimento de pago do defecto respecto da cantidade definitivamente liquidada, de ser o caso.

Non obstante o anterior, no suposto en que o solicitante dos servizos sexa un concello integrante do consorcio, estará exento da constitución do depósito previo, debendo aboar a liquidación definitiva unha vez notificada.

As tarifas da taxa de tratamento son as seguintes:

Por cada m³ de lodos, sen areas: 24,20 €.

Por cada m³ de lodos, con areas: 101,64 €.

Será requisito para a prestación do servizo que a limpeza e baleirado do sumidoiro ou fosa séptica sexa realizado polo propio consorcio, previo o depósito da correspondente liquidación provisional prevista na Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo delegado de sumidoiros do municipio do Barco de Valdeorras.

Disposición derradeira

A presente Ordenanza fiscal entrará en vigor a partir do día seguinte á publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e sempre que se cumpran os requisitos para a súa entrada en vigor establecidos na lexislación de réxime local e de facendas locais.

Non obstante o anterior, o disposto no artigo 5 bis aplicarase con carácter retroactivo e efectos do 1 de xaneiro de 2013 aos usuarios incluídos no seu ámbito de aplicación, cando a taxa especial regulada nesa disposición sexa máis beneficiosa para os contribuíntes. A tal efecto, a administración xestora do tributo procederá á devolución de oficio aos afectados, no prazo máximo de tres meses, da diferenza resultante coas taxas liquidadas de acordo coa Ordenanza fiscal anteriormente aplicable, ou á súa compensación nas liquidacións tributarias que se produzan a partir da entrada en vigor da presente ordenanza.

CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS

DILIXENCIA: para facer constar que o presente documento recolle o texto vixente da Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo intermunicipal delegado de depuración de augas residuais nos municipios da Comarca de Valdeorras, conforme foi publicado no Boletín Oficial da Provincia n.º 247, do mércores, 26 de outubro de 2016.